

Rosalía de Castro é a figura máis importante do Rexurdimento e de toda a historia da literatura galega, tanto pola súa calidade literaria como pola repercusión e o recoñecemento da súa obra dentro e fóra de Galicia.

Naceu en **Santiago** no ano **1837** e morreu en **Padrón** en **1885**. Foi filla de solteira dunha muller fidalga e dun presbítero que chegou a ser capelán de Iria. Foi criada por unha tía paterna nunha aldea preto de Padrón. Na adolescencia vai vivir a Santiago coa súa nai. Alí recibirá a educación propia dunha muller fidalga, participará no Liceo de la Juventud onde coñecerá a Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, etc., cos que comparte ideoloxía galeguista. En 1856 trasládase a Madrid e dous anos máis tarde casa con Manuel Murguía con quen terá sete fillos. Mudou frecuentemente de lugar de residencia, pasou apuros económicos e sufriu problemas de saúde. En 1875 instálase definitivamente na casa da Matanza en Padrón.

A súa obra en galego comprende tres títulos: os dous poemarios, **Cantares gallegos** (1863) e **Follas novas** (1880), e un conto que deixou inédito, **Conto gallego**, publicado póstumamente en Bos Aires. Tamén podemos incluír dentro da súa produción en prosa en galego os dous proemios aos seus poemarios.<sup>1</sup>

### **Cantares gallegos**

Con este libro publicado no **1863** considérase que nace o Rexurdimento pleno. A **motivación** da obra aparece no seu prólogo: o compromiso explícito con Galicia e a súa lingua. O libro está orixinado no modelo que fixera o poeta biscaíno **Antonio Trueba** que consistía en utilizar as coplas populares para reutilizalas e reelaboralas nos poemas. O libro consta de **36 poemas** nos que se tratan diferentes **temáticas**: **costumista-folclórica**, en poemas que describen tipos e costumes populares galegos (o gaiteiro, as romarías, etc.); **amorosa**, en poemas monologados ou dialogados; **intimista**, en dúas composicións que aluden á saudade da terra (“Campanas de Bastabales” e “Como chove miudiño”); finalmente, os poemas **de denuncia**, nos que trata problemáticas sociais como a emigración ou a marxinación que sofre Galicia.

O libro responde a unha estrutura concreta de carácter circular: o primeiro poema é unha invitación a unha moza para que cante: “Has de cantar”; o último é o remate onde a moza di que fixo o que se lle pedía: “Eu cantar, cantar, cantei,”. No libro hai distintos suxeitos líricos que ocupan o lugar da neniña cantora.

En canto á **métrica**, en Cantares predominan os **modelos tradicionais**, os versos de **arte menor** (sobre todo o octosílabo) e a **rima asonante**. Polo que respecta aos recursos literarios, son típicas de Rosalía as **figuras de repetición** (aliteración, anáfora...) e a abundancia de **comparacións**, a miúdo tiradas da lingua común.

### **Follas novas** (1880)

É o seu segundo e derradeiro libro en galego (no prólogo xa anuncia que non volverá a escribir en galego). As **temáticas** de *Follas...* teñen un abano máis amplo cás de *Cantares*, e ademais das temáticas que xa aparecían no seu primeiro libro en galego, imos atopar aquí un **intimismo radical**, a **denuncia social**, a **angustia existencial**, a **reflexión relixiosa**, ata a **metapoética**. De feito, en *Follas* podemos atopar unha **liña continuadora** da estética predominante en *Cantares*, aquela que desenvolve poemas de carácter

---

<sup>1</sup> Rosalía é unha escritora bilingüe en galego e en castelán. O seu primeiro libro, *La flor*, está escrito en castelán. En 1859 aparece a súa primeira novela, *La hija del mar*; en 1861, *Flavio*, a segunda. Estes tres títulos, todos eles en castelán, son obras de mocidade que acusan unha forte influencia romántica. Outras obras en castelán son: *Ruinas*, *El caballero de las botas azules*, *El primer loco* e o poemario *En las orillas del Sar* (un dos cumes poéticos do XIX en español).

popular e temática costumista, e outra **liña renovadora**, completamente nova na poesía galega, onde incluíamos os poemas de temática metafísica e existencial, cunha visión subxectiva marcada pola saudade e o pesimismo.

Os 136 poemas do libro **estrutúranse en cinco apartados**: nos dous primeiros, “**Vaguedás**” e “**Do íntimo**” trátanse temas de carácter intimista (saudade, desacougo, angustia...); nos dous últimos “**Da terra**” e “**As viudas dos vivos e as viudas dos mortos**”, predomina a obxectividade e as temáticas de natureza social e costumista; no intermedio “**Varia**” inclúense poemas tanto de carácter social como intimista.

Tamén nos **aspectos formais**, Follas é unha obra máis innovadora que Cantares, e aínda que continúa utilizando **métricas populares**, aquí van aparecer **formas pouco comúns** nas poesías do momento, como a combinación de versos de diferente medida nunha mesma composición, ou o emprego de estrofas de diferente medida dentro dun mesmo poema.

Esta renovación apréciase tamén nos **recursos literarios** empregados, pois neste poemario aparecerá un complexo conxunto de **símbolos** de difícil interpretación (**o cravo, a negra sombra**, os tristes, a noite...).

A **lingua de Rosalía** responde a un galego baseado na lingua oral, polo que posúe un número considerable de castelanismos, moi infiltrados na fala popular, de dialectalismos (que corresponden ao galego falado na comarca compostelá) dos que o máis característico é o seseo, e amosa tamén exemplos de vulgarismos (enxemplo, caridá, craridá...) ou hiperenxebrismos.

Rosalía converteuse nun mito, unha autora de culto desde a súa morte, se ben a súa imaxe foi manipulada noutras épocas para presentar a súa faceta máis popular e sentimental. O máis destacado hoxe en día da súa figura foi o seu compromiso social e cultural e a súa conciencia de ser muller nun mundo de homes, feitos que pon de manifesto non só na súa obra literaria, senón tamén toda a súa obra en prosa publicada nos periódicos da época (en castelán).